

12Secretaría Xeral

Asesoría Xurídica

En exercicio da súa función contenciosa, presentáronse 24 recursos contenciosos-administrativos, incoados polo profesorado, persoal de administración e servizos, alumnado, terceiros alleos á comunidade universitaria (responsabilidade patrimonial, titulacións) e pola propia UDC.

Así mesmo hai que salientar que durante o 2015, ditáronse na orde contencioso-administrativa, 26 resolucións xudiciais favorables á institución e 9 desfavorables.

Na orde xurisdiccional social presentáronse 6 demandas. Ditáronse 11 resolucións xudiciais favorables á

UDC e 6 desfavorables. Na orde xurisdiccional penal ditouse 1 resolución favorable á UDC.

A cifra de apuntamentos reflicte os asentos de entrada/saída aos que dan lugar as actuacións que se solicitan da Asesoría Xurídica, ben relacionadas cos servizos internos da UDC: 1.459, ben por mor de resolucións adoptadas polos xulgados e tribunais das distintas ordes xurisdiccionais: 1.135. Polo que se refire á súa función consultiva, a asesoría realizou 889 informes, propostas e actos de tramitación e asistiu a 53 sesións da Mesa de Contratación e 1 da Comisión Asesora de Valoración de Documentos Administrativos.

Apuntamentos	Rexistro procedementos xudiciais	Rexistro función consultiva / asesora
Entradas	870	570
Saídas	265	889
Total	1.135	1.459

Cadro 12.1 Número de apuntamentos en 2015



Procedementos xudiciais

Iniciados	
Alumnado	4
PAS	3
PDI	10
Outros	10
UDC	3
Total	30

Finalizados	
Alumnado	1
PAS	48
PDI	14
Outros	52
Total	115

Cadro 12.2 Procedementos iniciados e finalizados en 2015

Resolucións finalizadoras dos procedementos	
Favorables á UDC	38
Desfavorables á UDC	15
Total	53

Cadro 12.3 Resolucións finalizadoras dos procedementos en 2015

Procedementos iniciados	
Alumnado	4
PAS	2
PDI	7
Outros	8
UDC	3
Total	24

Procedementos finalizados	
Alumnado	1
PAS	39
PDI	12
Outros	39
Total	91

Resolucións xudiciais	
Alumnado	1
Desfavorables á UDC	1
PAS	11
Favorables á UDC	8
Desfavorables á UDC	3
PDI	6
Favorables á UDC	2
Desfavorables á UDC	4
Outros	15
Favorables á UDC	15
UDC	2
Favorables á UDC	1
Desfavorables á UDC	1
Total	35

Cadro 12.4 Orde xurisdiccional contencioso - administrativa en 2015

Procedementos iniciados	
PAS	1
Outros	2
PDI	3
Total	6

Procedementos finalizados	
PAS	9
Outros	9
PDI	1
Total	19

Resolucións xudiciais	
PAS	8
Favorables á UDC	3
Desfavorables á UDC	5
Outros	5
Favorables á UDC	4
Desfavorables á UDC	1
PDI	4
Favorables á UDC	4
Total	17

Cadro 12.5 Orde xurisdiccional social en 2015

Procedementos finalizados	
Outros	1
Total	1

Cadro 12.6 Orde xurisdiccional civil en 2015

Procedementos finalizados	
Outros	2
PDI	1
Total	3

Resolucións xudiciais	
UDC	1
Favorables á UDC	1
Total	1

Cadro 12.7 Orde xurisdiccional penal en 2015

Procedementos finalizados	
Outros	1
Total	1

Cadro 12.8 Orde xurisdiccional mercantil en 2015

	2013	2014	2015
Total iniciados	44	76	30
Contencioso - administrativo	28	61	24
Social	12	12	6
Civil	0	0	0
Penal	3	3	0
Mercantil	1	0	0
Total finalizados	34	74	115
Contencioso - administrativo	22	58	91
Social	10	12	19
Civil	1	0	1
Penal	1	4	3
Mercantil	0	0	1
Resolucións favorables á UDC	41	36	38
Resolucións desfavorables á UDC	24	72 (*)	15

(*) Inclúe 47 autos de extensión de efectos de paga extra 2012)

Cadro 12.9 Evolución do número de procedementos

Función consultiva / asesora

Informes	2015
Informes - Alumnado	17
Informes - Contratos	174
Informes - Convenios/acordos/protocolos	123
Informes - Normativa	2
Informes - Profesorado	4
Informes - Pregos	2
Informes - PAS	8
Informes - Outros asuntos	67
Reclamacións Económico - Administrativas	1
Reclamacións previas á vía xudicial - Outros	2
Reclamacións - PAS	1
Reclamacións - Alumnado	9
Reclamacións - Profesorado	1
Reclamacións - Terceiros	2
Recursos - Alumnado	6
Recursos - PAS	6
Recursos - Profesorado	1
Recursos - Terceiros	3
Actos de tramitación	460
Total	889

Cadro 12.10 Informes emitidos pola Asesoría Xurídica en 2015

Normalización lingüística

Ao longo do ano 2015 o Servizo de Normalización Lingüística continuou coa liña de apoio ás comisións de normalización lingüística dos centros que realizaron diferentes solicitudes de financiamento de actividades de promoción do galego. Nesta ocasión foron dez os centros que convocaron ou ben desenvolveron, a través deste servizo, algunha das

actividades: Escola Universitaria Politécnica, Escola Universitaria de Turismo, Facultade de Ciencias da Comunicación, Facultade de Ciencias da Educación, Facultade de Ciencias da Saúde, Facultade de Dereito, Facultade de Economía e Empresa, Facultade de Filoloxía, Facultade de Socioloxía, Facultade de Ciencias do Traballo.


	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Páxinas corrixidas	4.536	4.010	4.515	3.913	3.645	3.228	4.885
Páxinas traducidas	1.779	1.624	1.177	1.462	1.338	1.715	904

Cadro 12.11 Asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística

- **VIII Curso de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Persoas Estranxeiras.** Desenvolveuse na Facultade de Filoloxía do 1 ao 24 de xullo de 2015, cunha duración de 80 horas lectivas. Solicitaron unha axuda para asistir ao Curso 24 persoas e formalizaron a matrícula 16 estudantes de distintas nacionalidades (Alemaña, España, Italia e Polonia).
- **Curso de Redacción de Documentos Administrativos.** Do 1 ao 28 de xuño realizouse un curso en liña para o persoal de administración e servizos en colaboración co Servizo de PAS en que participaron 40 persoas e que tivo unha duración de vinte horas lectivas.
- Do 8 ao 10 de xullo tivo lugar no Fórum Carballo a undécima edición do **Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Mudanzas e Afianzamentos Lingüísticos na Mocidade.**
- En novembro resolveuse o **XII Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras**, organizado en colaboración coas outras universidades galegas.
- En 2015 mantívose a liña de axudas á investigación en lingua galega que incentiva a realización e defensa das teses e traballos de investigación en lingua galega. Resolvéronse favorablemente **162 solicitudes**, segundo se detalla a seguir:

Teses de doutoramento	5
Traballos de fin de mestrado	42
Traballos de fin de grao	104
Proxectos de fin de carreira	11
Total	162

Cadro 12.12 Axudas a traballos de investigación en lingua galega en 2015



Cadro 12.13 Evolución do número de axudas á investigación en lingua galega

Rexistro, documentación e arquivo

O Servizo de Rexistro, Documentación e Arquivo (SRDA) da Universidade da Coruña é a unidade dependente da Secretaría Xeral que lle dá un tratamento global ao proceso de entrada, tramitación e arquivo de documentación administrativa.

O 21 de xaneiro de 2014 entrou en funcionamento a [páxina web](#) do servizo. Nestes dous anos a progresión do número de visitas á páxina foi moi notable. Desde 21 xaneiro 2014 a 31 de decembro de 2014: houbo 753 sesións, 6.280 páxinas vistas e 157 usuarios distintos.

Desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2015: houbo 1.559 sesións, 9.371 páxinas vistas e

453 usuarios distintos. No ano 2015 a duración media de cada sesión foi de 4'07" (a duración media de cada sesión na web da UDC foi de 2'43"). O promedio do número de páxinas vistas por sesión foi de 3,34 (o promedio da UDC foi de 2,98).

En 2015 mudou a aplicación informática do rexistro presencial na universidade. Dentro dun contexto cara á administración electrónica implantouse SIGEM como ferramenta de tramitación do rexistro presencial.

O número de asentos realizados en 2015 polo Rexistro presencial da UDC foi de **19.484**, de acordo coa seguinte desagregación:

Rexistro de entrada	Rexistro Xeral (Reitoría):	5.200	Total: 7.791
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	608	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	1.983	
Rexistro de saída	Rexistro Xeral (Reitoría):	11.581	Total: 11.693
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	85	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	27	

Cadro 12.14 Asentos realizados polo Rexistro en 2015

En 2015 o número total de asentos diminuíu un 10,71% respecto a 2014. As entradas diminuíron un 17,05% e as saídas un 5,92%.

Hai que indicar que o asento dos documentos tanto de entrada como de saída faise no mesmo día en que entran no rexistro.

O 15 de xaneiro de 2015 principiou o Rexistro Electrónico da UDC. Desde esa data ata o 31 de decembro este rexistro tivo **221** entradas.

A cifra de certificados da FNMT rexistrados en 2015 polo Rexistro da UDC foi de 980, de acordo coa seguinte desagregación:

Empregado público (AP)	Rexistro Xeral:	142	Total: 673
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	139	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	392	
Persoa física (clase 2 CA)	Rexistro Xeral:	76	Total: 307
	Rexistro Auxiliar de Ferrol:	60	
	Rexistro Auxiliar de Elviña:	171	

Cadro 12.15 **Certificados FNMT rexistrados en 2015**

Produciuse un aumento significativo na emisión de certificados respecto a 2014, dado que nese ano emitíronse 168 certificados (980 en 2015).

Durante o ano houbo 13 transferencias de documentación ao Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña (CEDAR). O total de caixas de arquivo que ingresaron mediante estas transferencias foi de 1.586. As caixas corresponden ao Fondo Universidade da Coruña (documentación xerada pola propia UDC) e á doazón do Fondo Pedro López. Todas elas foron procesadas.

Entre as adquisicións de documentos realizadas en 2015 hai que destacar unha litografía da Coruña do século XIX ("Vista de La Coruña desde la altura de San Diego"), un mapa de Galicia do século XVII ("Reyno

de Galicia y de León" de N. Tassin) e un lote de documentos entre os que destaca un título de 1911 dun alumno da Escola de Comercio da Coruña.

A principios de 2015 ingresou no CEDAR a doazón do Fondo de Pedro López Gómez. Actualmente está en fase de proceso técnico. Trátase dunha cesión en réxime de comodato coa manifestación da vontade de instituír un legado testamentario para a cesión definitiva do dominio do fondo á Universidade da Coruña, para a súa custodia no centro de Documentación e Arquivo. Trátase da primeira doazón que recibe o CEDAR por parte dun membro da comunidade universitaria.

En 2015 elaborouse a [Guía do Centro de Documentación e Arquivo \(CEDAR\)](#), instrumento de descrición do arquivo.